

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE**

8137 *Real decreto 591/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan os procedementos administrativos relativos ao recoñecemento da compensación dos custos de escolarización previstos no número 4 da disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, engadiu unha nova disposición adicional trixésimo oitava á Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, denominada «Lingua castelá, linguas cooficiais e linguas que gocen de protección legal». Esta disposición adicional establece a obriga, por parte das administracións educativas, de garantir o dereito do alumnado a recibir as ensinanzas en castelán e nas demais linguas cooficiais nos seus respectivos territorios, de forma que ao finalizar a educación básica todos os alumnos e alumnas deberán comprender e expresarse, de forma oral e por escrito, na lingua castelá e, de ser o caso, na lingua cooficial correspondente.

Nas comunidades autónomas que posúan, xunto co castelán, outra lingua oficial de acordo cos seus estatutos ou, no caso da Comunidade Foral de Navarra, co establecido na Lei orgánica 13/1982, do 10 de agosto, de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, a disposición adicional trixésimo oitava indicada exige ás administracións educativas garantiren o dereito do alumnado a recibir as ensinanzas en ambas as dúas linguas oficiais. Tanto a materia Lingua Castelá e Literatura como a lingua cooficial e Literatura deberán impartirse nas linguas correspondentes.

A disposición adicional ofrécelles dúas alternativas ás administracións educativas para garantiren este dereito. Por unha banda, as administracións educativas teñen a posibilidade de deseñar e implantar sistemas en que se garanta a impartición de materias non lingüísticas integrando a lingua castelá e a lingua cooficial en cada un dos ciclos e cursos das etapas obrigatorias, de maneira que se procure o dominio de ambas as dúas linguas oficiais polo alumnado, e sen prexuízo da posibilidade de incluír linguas estranxeiras. Neste caso, as administracións educativas determinarán a proporción razoable da lingua castelá e da lingua cooficial, o que poderán facer de forma heteroxénea no seu territorio, atendendo ás circunstancias concorrentes.

Por outra banda, as administracións educativas poderán establecer sistemas en que as materias non lingüísticas se impartan exclusivamente na lingua cooficial, sempre que exista oferta alternativa de ensino sostido con fondos públicos en que se utilice a lingua castelá como lingua vehicular nunha proporción razoable. Os pais ou titores legais terán dereito a que os seus fillos ou pupilos reciban ensino en castelán nesas condicións, dentro do marco da programación educativa. Se a programación anual da Administración educativa competente non garantir oferta docente razoable sostida con fondos públicos en que o castelán sexa utilizado como lingua vehicular, o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, logo de comprobación desta situación, asumirá integramente, por conta da Administración educativa correspondente, os gastos efectivos de escolarización deste alumnado en centros privados en que exista a dita oferta coas condicións e o procedemento que se determinen regulamentariamente, gastos que repercutirá á antedita Administración educativa. Corresponderalle ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte a comprobación do suposto de feito que determina o nacemento da obriga financeira a través dun procedemento iniciado por instancia do interesado, instruído pola Alta Inspección de Educación e no cal se deberá dar audiencia á Administración educativa afectada.

A obriga financeira do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte terá carácter excepcional e extinguirase coa adopción por parte da Administración educativa

competente de medidas adecuadas para garantir os dereitos lingüísticos individuais do alumnado.

A citada Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, tamén engadiu un novo número 3 á disposición adicional oitava da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que establece a forma de levar a cabo a repercusión ás comunidades autónomas correspondentes dos gastos de escolarización do alumnado en centros privados en que exista oferta de ensino en que o castelán sexa utilizado como lingua vehicular, como indica a disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, para o cal o Estado poderá deducir ou reter dos importes satisfeitos por todos os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas o importe dos gastos de escolarización en centros privados asumidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por conta das comunidades autónomas.

A doutrina do Tribunal Constitucional sobre o uso das linguas oficiais no ensino recóllese en diversas sentenzas, entre as cales destacan as seguintes: STC 6/1982, STC 87/1983, STC 88/1983, STC 82/1986, STC 137/1986, STC 195/1989, STC 337/1994, STC 134/1997, STC 31/2010 e STC 137/2010. Destes pronunciamentos poden deducirse os seguintes principios esenciais, cuxo respecto resulta ineludible para garantir a constitucionalidade das actuacións dos poderes públicos nesta materia.

En primeiro lugar, os poderes públicos teñen o deber constitucional de asegurar o coñecemento tanto do castelán coma das linguas cooficiais. O cumprimento deste deber non pode escusarse polo xeneralizado coñecemento dunha lingua pola poboación senón que demanda a presenza efectiva das linguas castelá e cooficiais no ensino, xa que o deber constitucional de coñecer o castelán recoñecido no artigo 3.1 da Constitución presupón a satisfacción do dereito dos cidadáns a coñecelo a través das ensinanzas recibidas no ensino básico. Do recoñecemento da cooficialidade do castelán e da lingua cooficial dunha comunidade deriva o mandato para os poderes públicos, estatal e autonómicos, de incluír ambas as dúas linguas cooficiais como materia de ensino obrigatorio nos plans de estudo, co fin de asegurar o dereito constitucional e estatutario á súa utilización.

En todo caso, correspóndelles ás administracións educativas organizar o ensino que se deberá recibir nunha e noutra lingua en relación coas distintas áreas de coñecemento obrigatorio nos diferentes niveis educativos. O papel do Estado consiste en velar polo respecto dos dereitos lingüísticos no sistema educativo e, en particular, o de recibir ensino na lingua oficial do Estado.

Por outro lado, a lingua vehicular no ensino, que é aquela empregada como medio de comunicación na docencia nas comunidades autónomas con lingua cooficial, pode ser o castelán, a lingua cooficial ou, mesmo, unha lingua estranxeira. A lingua cooficial pode ter a condición de vehicular e así o recoñeceu de forma reiterada o Tribunal Constitucional, pero tamén recoñeceu de forma reiterada que a exclusión do castelán como lingua vehicular resulta inconstitucional, de maneira que a única interpretación admisible é a que conduce á existencia do dereito ao ensino en castelán.

Amparándose nesta doutrina constitucional, o Tribunal Supremo desenvolveu unha liña xurisprudencial que, en síntese, recoñece o dereito dos recorrentes a que o castelán se utilice tamén como lingua vehicular no ensino dos seus fillos e obriga a Administración educativa a adoptar as medidas necesarias para iso. Por un lado, a Sentenza do 9 de decembro de 2010 constatou que se excluía o castelán como lingua vehicular, pero que era obvio que non tiña esa condición polo feito de que determinadas materias se impartisen en castelán (como a lingua e literatura castelá), feito que reducía o castelán a lingua de estudo, pero non permitía considerala como lingua vehicular ou docente.

En relación coa atención individualizada, o Tribunal Supremo sinalou nas sentenzas do 13 de decembro de 2010 e do 12 de xuño de 2012 que o sistema de atención individualizada en lingua castelá é algo ben distinto do dereito a recibir esa educación na súa lingua habitual, e que non é bastante para cumprir esa obriga constitucional indicar que se respectarán os dereitos lingüísticos individuais do alumno ou alumna, de acordo coa lexislación vixente, posto que o que dimana da doutrina constitucional é un dereito a

recibir o ensino na súa lingua habitual, xa sexa esta a lingua cooficial ou o castelán, salvo decisión en sentido contrario dos pais, que é algo ben distinto da atención individualizada en castelán, que conduce a unha situación de discriminación practicamente idéntica á separación en grupos clase por razón da lingua habitual e que desnaturalizaría ese dereito ao condicionalo á obriga de solicitalo, polo que deste modo a norma incorrería en inconstitucionalidade.

A disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, dá estrito cumprimento á doutrina constitucional ao garantir a cooficialidade do castelán e das linguas cooficiais das comunidades autónomas. Para lograr este obxectivo, a regulación presenta as seguintes características: por unha banda, parte do recoñecemento e respecto ás competencias das comunidades autónomas, pois garante o ensino de todas as linguas oficiais como vehiculares e outórgalles ás administracións educativas plena autonomía para configuraren os seus modelos lingüísticos; por outra banda, somete o exercicio do dereito de opción a estritos requisitos e cautelas, co obxecto de garantir a súa plena adecuación á doutrina constitucional.

En primeiro lugar, esta facultade de elección unicamente se recoñece naquelas comunidades autónomas que non garantan xuridicamente o uso do castelán e a lingua cooficial como vehiculares. Na actualidade, a maior parte das comunidades autónomas con lingua cooficial garanten o uso vehicular de ambas as dúas linguas cooficiais e mesmo dunha terceira lingua estranxeira, xa sexa a través de modelos de separación lingüística electiva ou de bilingüismo ou plurilingüismo. Ademais, a facultade de opción non ampara a pretensión de recibir as ensinanzas única e exclusivamente en castelán, senón que unicamente lexítima o dereito á escolarización nun modelo en que o castelán sexa usado como lingua vehicular en materias non lingüísticas.

A disposición adicional pretende garantir a efectividade deste dereito mediante o establecemento dun mecanismo subsidiario que unicamente se pode activar en caso de que a Administración educativa incumpra o seu deber constitucional de garantir a presenza de ambas as dúas linguas cooficiais como vehiculares na súa programación.

O artigo 84.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, exige que a regulación que realicen as administracións educativas da admisión de alumnos garanta a liberdade de elección de centro por pais, nais e titores legais. De conformidade con esta previsión, nas comunidades autónomas con lingua cooficial as administracións educativas deberán considerar a elección do uso do castelán como lingua vehicular no ensino como un criterio xeral para a adxudicación das prazas ofertadas.

O presente real decreto ten por obxecto regular o procedemento de recoñecemento da obriga financeira do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte de asunción dos gastos efectivos de escolarización do alumnado en centros privados, cando as administracións educativas competentes non garantan oferta docente razoable sostida con fondos públicos en que o castelán sexa utilizado como lingua vehicular, e para a repercusión dos ditos gastos ás administracións educativas competentes.

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución; exceptúase do anterior o artigo 7, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

Na tramitación deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas no seo da Conferencia de Educación e emitiu ditame o Consello Escolar do Estado.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Educación, Cultura e Deporte, logo de aprobación do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xullo de 2014,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular, de conformidade co disposto no número 4 da disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de

educación, o procedemento administrativo para o recoñecemento do dereito á compensación dos gastos de escolarización e o procedemento de liquidación e pagamento por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte destes gastos aos representantes legais dos alumnos.

Artigo 2. *Beneficiarios.*

Os pais, nais e titores legais do alumnado que curse educación básica do sistema educativo español terán dereito a obter a compensación dos gastos efectivos de escolarización nun centro docente privado en que o castelán sexa utilizado como lingua vehicular cando concorran conxuntamente as seguintes condicións:

- a) Que o alumno ou alumna se deba escolarizar nunha comunidade autónoma que teña lingua cooficial, de acordo cos respectivos estatutos de autonomía.
- b) Que a comunidade autónoma optase por un sistema en que as materias non lingüísticas se impartan exclusivamente en lingua cooficial ou nalgunha lingua estranxeira, e que non provexa unha oferta de ensino sostido con fondos públicos en que se utilice o castelán como lingua vehicular nunha proporción razoable co ensino ofertado na lingua cooficial.
- c) Que o alumno ou alumna ou, de ser o caso, quen exerza a patria potestade, tutela ou curadoría, solicítase á Administración educativa a utilización do castelán como lingua vehicular no ensino e que a dita solicitude non fose atendida de acordo co indicado na disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.
- d) Que o alumno ou alumna curse educación básica nun centro privado non sostido con fondos públicos que imparta ensino en castelán como lingua vehicular nunha proporción razoable co ensino ofertado na lingua cooficial.

Artigo 3. *Iniciación do procedemento.*

1. O procedemento regulado neste real decreto iniciárase mediante solicitude de quen exerza a patria potestade, tutela ou curadoría dos alumnos ou alumnas ou, en caso de que estes sexan maiores de idade ou emancipados, dos propios alumnos ou alumnas, que reúnan os requisitos previstos no artigo 2.

2. O modelo de solicitude encontrarase dispoñible na sede electrónica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, así como nas oficinas de Atención ao Cidadán do dito ministerio e das delegacións e subdelegacións do Goberno en comunidades autónomas con lingua cooficial.

3. A solicitude deberase dirixir á Dirección Xeral competente en materia de cooperación territorial coas administracións educativas do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. As solicitudes poderanse presentar en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 ou a través do sistema de tramitación electrónica que estableza o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na súa sede electrónica.

4. A solicitude deberá presentarse xunto coa seguinte documentación:

a) Copia compulsada da documentación acreditativa da identidade dos alumnos e os seus representantes legais, ou ben o seu consentimento para que o órgano instructor poida comprobar os datos persoais incorporados aos documentos de identidade do interesado mediante un sistema de verificación de datos de identidade, segundo o artigo único.3 do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

b) Copia da solicitude de admisión presentada á Administración educativa en que figure a solicitude de utilización do castelán como lingua vehicular no ensino ou, no seu defecto, copia da solicitude expresa de utilización do castelán como lingua vehicular no ensino.

c) Copia do documento que acredite a matriculación do alumno ou alumna no centro privado docente que cumpra os requisitos recollidos no artigo 2.1.d).

Artigo 4. *Instrución do procedemento.*

1. A instrución do procedemento corresponderá ás áreas funcionais da Alta Inspección de Educación nas delegacións do Goberno, que de oficio acordarán todas as actuacións necesarias para a tramitación do procedemento.

2. En todo caso, o órgano instrutor solicitaralle á Administración educativa competente información sobre a oferta educativa en castelán na zona de escolarización considerada, que comprenderá, en todo caso:

a) A expresión do número total de alumnos e alumnas escolarizados analizados en función de se no ensino que reciben se emprega total ou parcialmente o castelán ou só a lingua cooficial.

b) Xustificación, de ser o caso, das diferenzas na proporción de ensino en castelán e na lingua cooficial.

3. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto á Administración educativa competente para que, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, poida alegar e presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes.

4. O órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución tomando en consideración, en cada caso, polo menos os seguintes criterios:

a) A estrutura territorial das zonas de escolarización.

b) A existencia ou inexistencia no municipio do domicilio ou do lugar de traballo dos interesados ou na zona de escolarización correspondente de oferta de ensino en castelán sostida con fondos públicos e a porcentaxe do horario que supón a impartición de materias non lingüísticas en castelán.

c) As medidas adoptadas, se é o caso, pola Administración educativa en contestación á solicitude prevista no artigo 3.4.b).

d) A proximidade do centro privado que cumpra os requisitos recollidos no artigo 2.1.d) en que o alumno se matricule ao lugar do domicilio ou de traballo dos interesados.

5. O instrutor elevará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver.

Artigo 5. *Resolución e os seus efectos.*

1. Correspóndelle á dirección xeral competente en materia de cooperación territorial coas administracións educativas resolver sobre o recoñecemento do dereito a obter a compensación dos gastos de escolarización, así como sobre a súa revogación.

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución será de seis meses. O vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa determinará a súa desestimación por silencio administrativo.

A resolución non porá fin á vía administrativa e poderá ser obxecto de recurso de alzada ante a Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades nos termos previstos no artigo 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Contra a resolución ditada en alzada poderá interperse recurso xurisdiccional contencioso-administrativo.

2. Os gastos efectivos de escolarización que deberán ser obxecto de compensación comprenderán todos aqueles custos que se consideren necesarios en cada caso para a eficaz prestación do servizo educativo e, en particular, os gastos de matriculación, escolarización e, de ser o caso, os derivados da prestación dos servizos complementarios de transporte, comedor e internado, de acordo co indicado polo artigo 82.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como todos aqueles gastos cuxa falta de realización impida continuar as ensinanzas.

A contía máxima dos gastos efectivos de escolarización susceptibles de compensación segundo o indicado no parágrafo anterior virá determinada polo gasto público por alumno público en ensino non universitario na correspondente Administración educativa consignado na estatística oficial do gasto público en educación do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, salvo que, en atención a causa xustificada polo interesado e debidamente apreciada polo instrutor no trámite previsto no artigo 6.2, o dito límite se deba superar co fin de facer efectivo o dereito recoñecido na disposición adicional trixésimo oitava.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, nas condicións indicadas na dita lei orgánica e demais normativa aplicable.

3. O dereito a obter a compensación dos gastos efectivos de escolarización terá efectos desde o inicio do curso en que se recoñeza ata a terminación da educación obrigatoria, sen prexuízo do disposto no artigo 7.

Artigo 6. *Liquidación e pagamento da compensación.*

1. No prazo dun mes a partir da notificación da resolución de recoñecemento do dereito á compensación, o representante legal do beneficiario deberá achegar a documentación xustificativa dos gastos previstos no artigo 5.2.

2. O órgano instrutor, dentro dos conceptos e límites establecidos no artigo anterior, formulará a liquidación dos gastos susceptibles de compensación, que comprenderá os gastos relativos ao curso escolar completo a que se refira a solicitude, e notificaralla ao interesado.

3. O pagamento da compensación realizarase por mensualidades.

4. Sen prexuízo do previsto no artigo 7, a liquidación e pagamento da compensación correspondente aos cursos seguintes practicarase ao inicio de cada curso escolar.

Artigo 7. *Revogación do recoñecemento do dereito a obter a compensación.*

1. A dirección xeral competente en materia de cooperación territorial coas administracións educativas revogará mediante resolución motivada o recoñecemento do dereito a obter a compensación dos gastos efectivos de escolarización nos seguintes supostos:

a) Cando conste que a Administración educativa garanta que o alumno ou alumna recibirá ensino en castelán, dentro do marco da súa programación educativa. Salvo supostos excepcionais debidamente xustificadas, non se considerará que se cumpre esta circunstancia cando a Administración educativa tome medidas que supoñan a atención individualizada en castelán ou a separación en grupos dentro de cada clase ou liña por razón da lingua habitual.

b) Cando o recoñecemento se obtivese de forma fraudulenta, sen prexuízo da responsabilidade en que poida incurrir o interesado.

c) Cando se deixen de cumprir, con posterioridade á resolución de recoñecemento, os requisitos establecidos na disposición adicional trixésimo oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, e neste real decreto para obter o dito recoñecemento.

2. A autoridade competente para resolver acordará de oficio o inicio do procedemento de revogación. Con anterioridade ao acordo de iniciación, poderá abrir un período de información previa co fin de coñecer as circunstancias do caso concreto e a conveniencia ou non de iniciar o procedemento.

Unha vez iniciado o procedemento, a autoridade competente para resolver poderá adoptar, de oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que considere oportunas, en particular a suspensión do pagamento da compensación, tendentes a asegurar a eficacia da resolución que puider recaer, de existiren elementos de xuízo suficientes para iso.

A autoridade competente deberá resolver a revogación do recoñecemento do dereito a obter a compensación ou a súa permanencia e notificar a súa resolución ao interesado no prazo de 6 meses tras o acordo de iniciación; transcorrido este prazo sen ser notificada

a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento. Nos supostos en que o procedemento se paralizase por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.

Os órganos competentes para a instrución do procedemento de revogación do recoñecemento, así como o resto de normas procedementais aplicables, serán os correspondentes do procedemento de recoñecemento da obriga financeira do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

3. Cando a revogación se fundamente nos parágrafos a) ou c) do número 1, a resolución producirá efectos a partir do curso escolar seguinte a que sexa notificada.

Cando a revogación se fundamente no parágrafo b) do número 1, a resolución producirá efectos a partir do momento da súa notificación. Nestes supostos, os beneficiarios da compensación deberán reintegrar as cantidades aboadas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en concepto de compensación polos gastos de escolarización.

Artigo 8. *Repercusión dos gastos efectivos de escolarización.*

1. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte remitiralle ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas con periodicidade trimestral, se é o caso, os correspondentes acordos de retención polos gastos aboados por pais, nais e titores legais aos centros docentes privados en execución deste real decreto.

2. O Estado poderá deducir ou reter, dos importes satisfeitos por todos os recursos dos réximes de financiamento das comunidades autónomas, o importe dos gastos de escolarización en centros privados asumidos polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte por conta das comunidades autónomas.

Disposición adicional única. *Datos de carácter persoal.*

No referente á obtención dos datos de carácter persoal do alumnado, á súa cesión duns centros a outros e á súa seguridade e confidencialidade, observarase o disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia que lle corresponde ao Estado conforme o artigo 149.1.1.^a e 30.^a da Constitución; exceptúase do anterior o artigo 8, que se dita ao abeiro do artigo 149.1.14.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento e execución.*

1. Correspóndenlle á persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento e execución do disposto neste real decreto.

2. Con anterioridade ao inicio de cada curso escolar, logo de informe vinculante do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a persoa titular do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte poderá modificar o indicador tomado como referencia para determinar a contía máxima dos gastos de escolarización susceptibles de compensación previsto no artigo 5.2, co obxecto de adecualo aos custos efectivos de escolarización ofertados no mercado.

Disposición derradeira terceira. *Normativa supletoria.*

En todo o non regulado expresamente neste real decreto será de aplicación supletoria o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación á escolarización de alumnos a partir do curso escolar 2014/15.

Dado en Madrid o 11 de xullo de 2014.

FELIPE R.

Ministro de Educación, Cultura e Deporte,
JOSÉ IGNACIO WERT ORTEGA